

EIRADO Cooperativa Galega de consumo responsábel

PROTOCOLO DE SOLICITUDE DE ADMISIÓN DE SOCIOS/AS (versión 07.2008)

Si estas interesado en asociarte a EIRADO Cooperativa Galega de Consumo Responsábel, estes son os pasos que debes seguir:

1. No blogue <http://eirado.org/> existe un modelo de solicitude en formato pdf que poderás descargar, deberás cumprimentar todos os campos. En caso contrario, desestimarase a súa solicitude.
2. Unha vez cumprimentada e asinada a solicitude enviarase por carta postal á seguinte dirección:
Camiño da ameixaga de Belvís, nº 24-2º esquerda.
15702 Santiago de Compostela
3. Tal e como establecen os estatutos da cooperativa, as solicitudes resolveranse nun prazo non superior a dous meses, a contar a partir do seguinte á recepción do escrito da solicitude. Transcorrido o devandito prazo sen resolución expresa, a solicitude entenderase denegada.
4. As solicitudes levaranse ante a asemblea xeral da Cooperativa en sesión ordinaria. A asemblea será a encargada de aceptar ou non as solicitudes recibidas.
5. A comunicación da aceptación ou denegación da vosa solicitude realizarase por correo electrónico. En caso de admisión, indícarase nese correo cales son os pasos a seguir para facela efectiva, entre eles están os seguintes:
 - a. Deberá ingresar a súa achega ao capital social na conta da cooperativa, no prazo de 15 (quince) días naturais, contados a partires do día seguinte da recepción do correo arriba mencionado. Este ascende a 100€.
Deberá ingresar na conta da cooperativa a parte proporcional da cuota semestral (18€). Esta cantidade incluírá a parte que corresponde ao mes enteiro no que é admitido/a como cooperativista.